



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### **Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto do Parque Eólico Pastoriza Rodeiro (expediente LU-11/141-EOL) Beneficiaria: Naturgy Wind, SLU.**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Parque eólico Pastoriza Rodeiro			
Día	Concello	Hora	Fincas
04/05/2021	Pastoriza	09:30	7
		10:30	18/1 e 102

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 29 de marzo de 2021.-O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0863

##### Anuncio

#### **Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto do Parque Eólico Punago Vacariza (expediente LU-11/139-EOL) Beneficiaria: Naturgy Wind, SLU.**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Parque eólico Punago Vacariza			
Día	Concello	Hora	Fincas
03/05/2021	Baleira	09:00	45
	Castroverde	10:30	38, 68/1
	Castroverde	11:30	42,66,69
	Castroverde	12:30	68,70

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 29 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0864

### *Anuncio*

#### **Resolución do 30 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2019-55AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: BEGASA
- Domicilio Social: Rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "SOTERRAMIENTO DE LÍNEAS AÉREAS DE MEDIA TENSIÓN PARA NS 35351 EN URBANIZACIÓN SAAMASAS U.A. NORTE I"
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia con número de visado 20191995 en data 29 de xullo de 2019.
- Características técnicas principais:
  - Liña aérea de media tensión a 20Kv Tablicia tramo 1-2, con orixe nunha conversión soterrada a aérea ubicada no apoio existente P-1 e final no apoio proxectado P-2 tipo C-9000-26 da liña aérea de media tensión Tablicia, cunha lonxitude de 79 metros en condutor tipo LA-280.
  - Liña aérea de media tensión a 20Kv a Centro de Transformación Piragüismo 1625, con orixe no apoio existente P-4 da liña aérea de media tensión Tablicia e final no Centro de Transformación existente Piragüismo 1625, cunha lonxitude de 59 metros en condutor tipo LA-56.
  - Liña soterrada de media tensión a 20Kv Tablicia, con orixe nunha conversión aérea a soterrada ubicada no apoio proxectado P-2 tipo C-9000-26 e final nunha conversión no apoio P-3 da LMT Tablicia, cunha lonxitude de 560 metros en condutor tipo RHZ1-400.
  - Liña soterrada de media tensión a 20Kv GAPSA, con orixe nunha conversión aérea a soterrada ubicada nun apoio proxectado por UFD tipo 2xC-7000-22(Expte: 07/2020-AT) punto 5, e final nunha conversión no apoio proxectado por UFD tipo 2xC-9000-16 na LMT GAPSA punto 10, cunha lonxitude de 600 metros en condutor tipo RHZ1-240.
- Finalidade da instalación : Soterramento de instalacións por execución de urbanización.
- Documentación complementaria:
  - Separata para o Concello de Lugo.
  - Separata para a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
  - Separata para o Ministerio de Fomento.
  - Separata para a Deputación Provincial de Lugo.

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O petionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de

15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 30 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0890

## CONCELLOS

### O CORGO

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía do día 29 de marzo de 2021 aprobáronse as bases que de seguido se transcriben:

#### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.**

##### **PRIMEIRA.- OBXECTO E NORMATIVA APLICABLE.**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; (no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña o Real decreto legislativo (781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

OBXECTO: A bolsa servirá para a celebración de contratos laborais temporais nos supostos de acumulación de tarefas, substitución de traballadores con dereito a reserva do seu posto de traballo, vacacións ou outras necesidades do servizo.

A bolsa será válida ata o 31 de decembro de 2021.

##### **SEGUNDA.- FUNCIONS.**

O cometido funcional será o establecido no Decreto 99/2012, de 26 de marzo, pola que se regulan os servizos comunitarios e o seu financiamento e Art. 4 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, polo que se regula o servizo de axuda no fogar.

##### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP, ou nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade, aos cónxuxes dos españois e dos nacionais de estados membros da UE, nos termos do Art. 57 do EBEB.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en

inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar no primeiro exercicio do sistema selectivo que se indica na cláusula seguinte.

f) Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B e dispoñer de vehículo.

g) De conformidade co establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, sobre criterios común de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, os candidatos deberán acreditar a cualificación profesional de Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, establecida polo Real Decreto 295/2004, de 20 de febreiro, segundo se determine na normativa que a desenvolva.

A tal efecto consideraranse os seguintes **títulos e certificados**:

- El Título de Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería establecido por el Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, o los títulos equivalentes de Técnico Auxiliar Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría y Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen en el Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, o en su caso, cualquier otro título que se publique con los mismos efectos profesionales.

- El Título de Técnico en Atención a Personas en Situación de Dependencia, regulado por el Real Decreto 1593/2011, de 4 de noviembre, o el título equivalente de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido por el entonces Real Decreto 496/2003, de 2 de mayo, o en su caso, cualquier otro título que se publique con los mismos efectos profesionales.

- Título de Técnico Superior en Integración Social, establecido por el Real Decreto 1074/2012, de 13 de julio, o el título equivalente de Técnico Superior en Integración Social establecido por el entonces Real Decreto 2061/1995, de 22 de diciembre, para aquellos profesionales que a la fecha de publicación del presente Acuerdo, se encuentren trabajando en la categoría profesional de asistente personal o auxiliar de ayuda a domicilio.

- El Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas Dependientes en Instituciones Sociales, regulado por el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, o en su caso, cualquier otro certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.

- El Certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas en el Domicilio, regulado por el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, o el equivalente Certificado de Profesionalidad de la ocupación de auxiliar de ayuda a domicilio, regulado por el entonces Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, o en su caso, cualquier otro certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.

Nembargantes, e de conformidade co establecido na devandita Resolución no referente ao réxime especial de **zonas rurais**, dentro das que se atopa o Concello do Corgo, cando non se dispoña das persoas coa acreditación requirida para as categorías antes mencionadas, e se acredite a non existencia de demandantes de emprego na zona con estas características, mediante certificado da Oficina de Emprego correspondente, **as persoas que non contén coa cualificación profesional esixida poderán ser contratadas ata que os seus postos poidan ser cubertos por profesionais cualificados ou ata que adquiren a cualificación correspondente.**

Por outra banda, A Resolución do 23 de marzo de 2020, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que tamén modifica parcialmente o Acordo de 27 de novembro de 2008, co fin de flexibilizar a acreditación e funcionamento dos servizos do Sistema durante a situación de crise do COVID-19, no seu punto 5.bis, regula un réxime provisional e excepcional ante a situación de pandemia derivada do COVID-19 establecendo que cando se acredite a non existencia de demandantes de emprego coas titulacións específicas necesarias na zona onde estea ubicado, ben o centro ou institución social onde se realicen as labres de auxiliar de axuda a domicilio, **poderán desempeñar estas función persoas que teñan algunha das titulacións esixidas para calquera delas e se tampouco houbera dispoñibilidade de demandantes de emprego con ningunha das titulacións sinaladas, poderán desempeñar estas función persoas que, carecendo de titulación, preferentemente, teñan experiencia no coidado e atención de persoas dependentes**, debendo as entidades prestadoras de servizos garantir a supervisión e formación práctica no posto de traballo para mellorar as súas competencias profesionais. Este réxime estará vixente por un prazo inicial de 3 meses, podendo ser prorrogado.

Así pois, ante a posibilidade da non existencia de persoas coa acreditación requirida ou que aínda existindo non poidan incorporarse ao traballo, poderanse presentar candidatos que non posúan a cualificación esixida, que

únicamente serán contratados de non existir candidatos en posesión dos títulos esixidos, e que pasarán a formar parte dunha bolsa complementaria para casos de urxencia e de inexistencia de candidatos cualificados.

Terán sempre e en todo caso preferencia os candidatos que posúan os títulos relacionados aínda que se admitirán as instancias de persoas que non os posúan para o caso de que se deran as circunstancias antes descritas.

Paralelamente á publicación da presente convocatoria formularase oferta ao Servizo Público de Emprego co obxecto de comprobar se existen candidatos en posesión das titulacións requeridas.

#### **CUARTA.- SISTEMA SELECTIVO**

O proceso de selección consistirá na realización dunhas probas selectivas e un concurso de méritos (concurso-oposición):

**1º EXERCICIO:** de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá nunha proba escrita, tipo test de 20 preguntas, a desenvolver en 40 minutos, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no anexo II. Cada resposta correcta sumará 1 punto. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Para superar este exercicio será necesario acadar un **mínimo de 8 puntos** e puntuará ata un **máximo de 20 puntos**.

**2º EXERCICIO:** obrigatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3 (ou o curso de iniciación), nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007.

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

#### **3º.- CONCURSO DE MÉRITOS:**

- Valorarase a experiencia en postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar, desempeñado nesta Administración Pública, noutra Administración Pública, en empresas públicas ou Consorcios derivados de convenios de colaboración, e en empresas privadas, ata un **máximo de 8 puntos**, a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais. Se os candidatos acreditasen días naturais soltos de traballo, como consecuencia de diversos contratos ou servizos prestados, estes sumarase ata acadar 30 días naturais (1 mes completo). Se sobrasen días cuxa suma non chegue a 30 días naturais, desprezarase na puntuación.

Entenderase por posto de traballo similar aqueles que teñan por finalidade o coidado de persoas da terceira idade ou dependentes, como por exemplo, os desenvolvidos en centros de día ou residencias da terceira idade, etc.

Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

- Pola realización de cursos de formación relacionados co posto de traballo a desempeñar (non se valorará máis dun curso con igual contido), ata un máximo de **4 puntos**:

De menos de 10 horas: 0,10 puntos/ curso.

De 11 a 50 horas lectivas: 0,50 puntos/ curso. De 51 a 100 horas lectivas: 1,00 puntos/curso De máis 100 horas lectivas: 1,50 puntos/curso

A puntuación total virá determinada pola obtida no segundo exercicio máis a obtida no concurso de méritos. Poren, os méritos só puntuarán se se supera o exercicio teórico.

No caso de empate nas puntuacións finais (concurso + oposición) entre dous o máis candidatos, desempatarase co candidato que teña máis servizos prestados neste concello.

O tribunal elevará proposta de bolsa de emprego ao órgano competente cos candidatos que superaron o proceso ordeados por puntuación obtida.

#### **QUINTA.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA A APORTAR**

1.- Para valorar a experiencia en postos de traballo de auxiliar de axuda no fogar ou similar deberá inescusablemente aportarse a seguinte documentación, sen a cal non se valorarán os méritos:

a) Contratos de traballo nos que se especifique os servizos para os que foi contratado. No caso de que non conste deberá aportarse un certificado da Administración ou empresa na que figure tal extremo.

b) Vida laboral do traballador co fin de computar o tempo efectivo de traballo desenvolvido.

No suposto de que non conste o tipo de traballo obxecto do contrato non se computará como mérito.

c) Certificados ou diplomas dos cursos alegados polo candidato, no que conste o número de horas, título do curso, programa.

No caso de que no diploma non figure o programa e/ou o número de horas, o candidato deberá aportar o programa do curso expedido pola entidade que organizou e impartiu o curso, ou no seu defecto a convocatoria, que debe corresponderse co título que conste no diploma no que figure o programa e/ou o número de horas.

Só se valorarán os cursos que se correspondan coas funcións do traballo a desenvolver, e sempre que se acompañen dos datos indicados.

d) Os candidatos para non ter que realizar o exame da lingua galega, deberá acreditar o CELGA 3 ou cursos de iniciación mediante os correspondentes diplomas ou certificados de posuír o citado nivel.

#### **SEXTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo, [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede electrónica ([concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal).) no prazo de **DEZ (10) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte, tamén poderase presentar na oficina de correos, na forma que se establece reglamentariamente e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal). No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a [concello.ocorgo@eidolocal.es](mailto:concello.ocorgo@eidolocal.es). Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As solicitudes poderanse remitir, así mesmo, na forma indicada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na solicitude os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria e aportarán a documentación acreditativa dos méritos que alegan, ben en orixinal ou ben en copia compulsada, achegándoos xunto coa súa solicitude, na que se relacionarán os méritos que se aportan.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos os dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, **no prazo máximo de 2 días hábiles**, ordeando a publicación da lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase unicamente no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) e na sede electrónica do concello do Corgo, [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal), sinalándose un prazo de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indícarase o nome e apelido, DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos os dous días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **2 días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aproba e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das presentes bases.

Os datos persoais (nome, apelidos e, no seu caso, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, é co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

##### **7.1 Composición:**

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o tribunal terá a seguinte composición:

-Presidente: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

-Secretario: Un empregado público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

-Vogais: Tres empregados públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

##### **7.2 Adopción de acordos:**

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase proposta de candidatos para a formalización da bolsa de emprego, complementaria da bolsa constituída en xullo de 2016.

##### **7.3 Data e lugar de constitución do Tribunal**

O Tribunal constituirase na casa do concello nun prazo non superior a 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á data na que se publique o seu nomeamento. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

Na constitución do tribunal fixarase a lugar, data e hora para a celebración da proba selectiva, que terá lugar, como máximo nun prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de constitución. A data, lugar e hora das probas publicarase no Taboleiro de edictos e na páxina web municipal: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com).

##### **7.4.- Abstención e Recusación.**

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/92.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme ao artigo 29 da citada lei.

#### **OITAVA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS.**

Os candidatos propostos integrados na lista, deberán achegar no prazo de 3 días, anteriores a súa contratación a seguinte documentación, salvo que xa a presentaran anteriormente, xunto a instancia de participación:

- Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do estranxeiro cidadán dun Estado membro da UE.
- Copia compulsada ou documento orixinal, para o seu cotexo, da titulación esixida nos termos establecidos na base terceira, de ser o caso.
- Permiso de conducir.
- Certificado médico actualizado a datas inmediatamente anteriores á contratación acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

#### **NOVENA. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recurrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 30/1992, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

O Corgo, 29 de marzo de 2021.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.



**ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA**

Dna/D.....,  
con DNI ou documento de estranxeiro nº ....., con domicilio aos efectos de notificación  
en .....,  
nº de teléfono ..... e e-mail.....,

**EXPÓN:**

Que reúne todas as condicións esixidas polas bases da convocatoria para participar no proceso selectivo para ..... Convocatoria anunciada no BOP de Lugo nº ....., de data.....

En virtude do que solicito ser admitido para participar no proceso de selección da referida convocatoria, presentando a documentación seguinte:

1. Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de estranxeiro.
2. Fotocopia compulsada do título esixido nas bases e do título CELGA 3 ou curso de iniciación.
3. Permiso de conducir.
4. Título esixido.
4. Relación numerada dos méritos alegados cuxos títulos se achegan con esta solicitude:

O Cargo, ..... De ..... de .....

NOTA: os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SR ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

**ANEXO II. TEMARIO**

1. Hixiene e atención domiciliaria. Características e necesidades de atención hixiénico-sanitarias das persoas dependentes.
2. Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio.
3. Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio.
4. Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes.
5. Interrelación e comunicación coa persoa dependente e o seu contorno.
6. Atención domiciliaria e alimentación familiar. Xestión, aprovisionamento e cociña da unidade familiar de persoas dependentes.
7. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.

R. 0865

**PALAS DE REI***Anuncio*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora de TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ABASTECIMENTO DE AUGA (ACTUALIZACIÓN IPC 2021), cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**« ORDENANZA FISCAL N° 16 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.****Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

O abeiro do previsto nos artigos 58 e 20, epígrafes 1 e 4.t) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito Texto Legal, este Concello establece a "taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2º.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a subministración de auga, nos termos especificados nas tarifas contidas no artigo 62 da presente ordenanza.

**Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

1 . Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible da taxa.

2. Cando a subministración de auga beneficie ou afecte ós ocupantes de vivendas ou locais, terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios de ditos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

**Artigo 4º.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción das súas respectivas participacións das obrigas tributarias das mencionadas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.

b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.

c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º.- Beneficios fiscais.**

Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

**Artigo 6º.- Cota tributaria.**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes (I.V.E. non incluído):

Epígrafe 1. Vivendas familiares. Tarifas:

1.1 Mínimo de consumo 45 m<sup>3</sup>/ab. Trim.: 0,485 euros/m<sup>3</sup>.

1.2 Exceso: 0,527 euros/m<sup>3</sup>.

Epígrafe 2. Comerciais:

2.1 Mínimo de consumo 45 m<sup>3</sup>/ab. Trim.: 0,485 euros/m<sup>3</sup>.

2.2 Exceso: 0,527 euros/m<sup>3</sup>.

Epígrafe 3. Industriais e obras:

3.1 Mínimo de consumo 45 m<sup>3</sup>/ab. Trim.: 0,556 euros/m<sup>3</sup>.

3.2 Exceso: 0,600 euros/m<sup>3</sup>.

Epígrafe 4. Cotas de conservación de acometidas de abastecemento: 0,300 Euros/Ab. Mes

4.1.- Cotas de conservación de contadores: 0,359 euros/Ab.Mes

Epígrafe 5. Acometidas. Establécense diferentes prezos dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá (euros):

<b>0Acometida</b>	<b>Terra(A)</b>	<b>Asfalto(B)</b>	<b>Baldosa-beirarrúa (C)</b>
3/4"	204,46	263,19	313,44
1"	222,51	280,79	330,42
1 1/4" - 1 1/2"	267,66	326,56	376,22
2"	318,54	376,22	426,47

Epígrafe 6. Contadores.

6.1 Instalación en batería de contadores ou similar (contador de 13/15 mm): 83,59 euros/ud.

6.2 Instalación en batería de contadores ou similar (contador de 20 mm): 106,09 euros/ud.

6.3 Instalación de contadores de diámetro superior a 20 mm: farase presuposto para cada caso.

6.4 Tarifa de contadores (sen colocación), tarifa:

<b>Ø mm</b>	<b>Euros por unidade</b>
15	60,02
20	83,00
25	135,13
30	188,96
40	292,99
50	639,996
65	793,35

Epígrafe 7. Desprecintado de contador: 19,15 €/ud.

Epígrafe 8. Conexión a rede de abastecemento e precintado de racores non colocados polo persoal do servizo: 19,15 €/ud.

Epígrafe 9. A petición do abonado por comprobación da medición do contador do abonado con contador patrón: 19,15 €/ud.

**Artigo 7.- Devengo e período impositivo.**

A taxa devengarase cando se presente a solicitude que incie a prestación do servizo pertinente, que non se realizará sen que se efectuara o pago correspondente.

O período impositivo por subministración de auga será por trimestres naturais.

**Artigo 8.- Réxime de declaración e ingreso.**

Unha vez autorizada a conexión a rede municipal de subministración de auga ou o cambio de titularidade, o suxeito pasivo deberá practica-la declaración-liquidación (autoliquidación) conforme o sinalado na presente ordenanza. A taxa por subministración liquidarase trimestralmente mediante o correspondente padrón de auga aprobado polo órgano competente.

O cobro por subministro de auga realizarase mediante domiciliación directa, que é obrigatoria para tódolos abonados ó servizo. Debendo en todo caso facer efectiva a súa débeda dentro do prazo comprendido desde o día en que se inicie a xestión do cobro a través da entidade bancaria colaboradora ata o último día do mes seguinte. As cotas non satisfeitas no período citado esixiranse mediante o procedemento de constrinximento e na forma determinada nesta ordenanza.

**Artigo 9.- Notificacións das taxas.**

A taxa de períodos sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

Xestión de cobros ós aboados morosos: 4,36 euros/unidade, en concepto de gastos ocasionados pola comunicación certificada dos recibos pendentes de pago.

Tódalas contías tributarias veranse gravadas polo I.V.E. correspondente.

**Artigo 10º.- Infraaccións e sancións.**

O Concello, seguindo o procedemento establecido edentro dos prazos outorgados para este caso, suspenderá a subministración:

a) Cando por parte do abonado tora negada ou entorpecida reiteradamente a entrada no domicilio ó persoal encargado da lectura dos contadores.

Cando non se pagara o importe dun trimestre pola subministración de auga. Todo esto sen prexuízo da súa esixencia mediante o procedemento de constrinximento.

En todo o demais, as infraaccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

**Disposición Adicional**

PRIMEIRA. Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicarase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

Unha vez que se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo Jose Taboada Camoira. »

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0866

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora de TAXA POLO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGA (ACTUALIZACIÓN IPC 2021), cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### «\_« ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DE LA TAXA PO LA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

##### ARTIGO 1.- *Fundamento e natureza.*

*En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución Española e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Palas de Rei establece a Taxa pola prestación do servizo municipal de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 s) da Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais.*

##### ARTIGO 2.- *Feito impoñible.*

*1.-Constitúe o feito impoñible da taxa:*

*a).- A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros.*

*b).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un inmovible.*

*c).- A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede municipal de sumidoiros e o seu tratamento para depuralas se os vertidos se realizan a través da acometida á rede desde un depósito móbil.*

*2.- Non estarán suxeitas ás taxas as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.*

##### ARTIGO 3.- *Suxeito pasivo*

*1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria nos casos seguintes:*

*a).- Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, o promotor, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.*

*b).- No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios dos mencionados servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.*

*c).- No caso de prestación de servizos do número 1.c) do artigo anterior, os que efectúen os vertidos.*

*2.-En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo o substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmovibles, nestes poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.*

##### ARTIGO 4.- *Responsables.*

*Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38, 39 e 40 da Lei Xeral Tributaria.*

##### ARTIGO 5.- *Cota Tributaria.*

*A cota esixirase de conformidade coas seguintes tarifas (IVE non incluído):*

*A) Aboados con subministración de auga potable para os metros cúbicos facturados en abastecemento de auga: 0,395 euros/m<sup>3</sup>.*

*B)Aboados sen subministración de auga potable; cota fixa:*

*- Vivendas familiares: 18,51 euros/ trimestre*

*- Comerciais: 18,51 euros/ trimestre*

*- Industriais y obras: 34,62 euros/trimestre.*

*C) Abonados con consumos en abastecemento de procedencia total ou parcial distinta a rede municipal:*

*Aquelas actividades económicas ou industriais que nos seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de alcantariado un caudal superior ao consumido da rede, instalarán ao seu cargo aparatos para a medida do caudal vertido ao alcantarillado, dita medición servirá de base para a facturación do servizo por depuración de augas residuais.*

*De mutuo acordo entre Empresa e Concesionaria do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos de facturación.*

*A facturación será da cordo a seguinte tarifa:*

*Mínimo 45 m<sup>3</sup>/hab. trimestre: 0,390 €/m<sup>3</sup>*

*Exceso máis de 45 m<sup>3</sup>/hab. Trimestre: 0,390 €/m<sup>3</sup>*

*D) Acometidas de saneamento para unha lonxitude máxima de 5 metros*

*- Gabia en terra: 394,46 euros/ud.*

*- Gabia en asfalto: 432,77 euros/ud.*

*- Gabia en beirarrúa: 481,41 euros/ud.*

*Tódalas contías tributarias veranse gravadas co IVE correspondente.*

#### **ARTIGO 6.- Exencións e bonificacións**

*Non se concederá exención ou bonificación algunha.*

#### **ARTIGO 7.- Devengo.**

*1.- Cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, entendéndose esta iniciada:*

*a).- Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulara expresamente*

*b).- Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede municipal de sumidoiros ou o vertido efectivo no suposto recollido no apartado 1 c) do artigo 2. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza pertinente e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para a súa autorización.*

*2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, son de carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.*

#### **ARTIGO 8.- Declaración, liquidación e ingreso.**

*1.- Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.*

*2.- Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produza variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.*

*3.- Tratándose de inmobles que non dispoñen de servizo domiciliario de auga, as altas serán efectivas no mesmo ano en que se produzan e as baixas, no ano seguinte a aquel no que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel no que se produzan.*

*4.- No caso de inmobles de nova construción, os promotores, ó mesmo tempo que solicitan a licenza de obras, instarán tamén a autorización para realiza-las obras de acometida á rede xeral de sumidoiros, acompañando un xustificante de ter pagado a cota de acometida correspondente.*

*5.- Os propietarios, usufrutuarios ou titulares de dominio útil dos inmobles que non sexan de nova construción, interesados na concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiros, están obrigados a presenta-la correspondente solicitude de acometida, achegando o xustificante de pago.*

*6.- Si se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a practica-la liquidación, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente de sanción.*

*7.- As solicitudes de baixas serán de efecto a partir do semestre seguinte ó da súa presentación.*

*8.- Unha vez autorizada a acometida, o cobro da taxa realizarase trimestralmente, conxuntamente có da taxa por subministración de auga, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa aprobación do correspondente padrón aprobado polo órgano competente.*

**ARTIGO 9.- Infraccións e sancións:**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponden en cada caso, atenderase ó que se dispoña nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**Disposición Adicional**

**PRIMEIRA.** Exencións en caso de catástrofe ou de infortunios públicos.

Cando se produzan situacións catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes.

Cando existiran concesións ou contratos de servizo, comunicárase ás empresas adxudicatarias para que non efectúen as facturacións, asumindo o pago o concello en concepto de subvención co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

**DISPOSICIÓN FINAL:** Unha vez a que se publique integramente o texto da presente Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

En Palas de Rei, a 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira »

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0867

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio das seguintes ordenanzas, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**«ORDENANZA FISCAL Nº.1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.****Artigo 1`.- Fundamento e réxime.**

1. O imposto regulado nesta ordenanza, rexeráse polos artigos 61 a 78 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais, e as disposicións que a desenrolen, se ben, respecto da cuota, estarase ó que se establece nos artigos seguintes.

2. De conformidade co disposto no artigo 15.2 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais, e en uso das facultades concedidas polos artigos 63, 73, 74 e 75 da citada Lei en orden á fixación da cota de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, establececese esta ordenanza fiscal redactada conforme ó disposto no número 2 do artigo 16 da repetida Lei.

**Artigo 2`.- Tipo de gravame.**

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles queda fixado nos termos seguintes:

	Bens urbanos	Bens rústicos	Bens de características especiais
<b>Tipo de gravame fixado en ó disposto no artigo 73.1 e 73.2 da Lei 39/1988</b>	0,6%	0,6%	1,3%

**Artigo 3`.- Réxime de declaración e ingreso.**

1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2. O período impositivo coincide co ano natural.

3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ó Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto no período impositivo inmediatamente posterior o momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de

valoración colectiva e de determinación de valor catastral dos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

#### **Artigo 4.- Exencións:**

1.- Estarán exentos os seguintes inmobles:

a).- Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que esteen directamente afectos a seguridade cidadá e os servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos a defensa nacional.

b).- Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c).- Os da igrexa católica, nos termos previstos no acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d).- Os da Cruz Vermella.

e).- Os inmobles os que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor, e a condición de reciprocidade, os dos gobernos estranxeiros destinados a súa representación diplomática, consular ou os seus organismos oficiais.

f).- A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cando o principal aproveitamento sexa a madeira e o cortiza, sempre que a intensidade do arborado sexa apropiada especie de que se trate.

g).- Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarril e os edificios encravados nos mesmos terreos, que esteen destinados a estacións, almacéns ou calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas.

Non están exentos, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais y de espaxamento, as casas destinadas a vivenda dos empregados, as oficinas de dirección nin as instalacións fabrís.

2.- Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

a).- Os bens inmobles que se destinen a ensinanza por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, o réxime de concerto educativo, en canto a superficie afectada a ensinanza concertada.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b).- Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da citada Lei.

Esta exención non alcanzará a calquera clase de bens urbanos ubicados no centro do perímetro delimitativo das zonas arqueolóxicas e sitios conxuntos históricos, globalmente integrados neles, senón, exclusivamente, os que reúnan as seguintes condicións:

Nas zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se retire o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español.

Nos sitios o conxuntos históricos, os que contén con unha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos e esteen incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2.159/1978, do 23 de xuño, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei antes citada.

c).- A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou planes técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude.

3.- Así mesmo establécese, en razón de criterios de eficacia e economía na xestión recadatoria do tributo, a exención dos inmobles rústicos e urbanos que non alcancen unha cuota líquida 0,50 euros. Podendo tomarse en consideración, para os primeiros, a cota agrupada que resulte do previsto no apartado 2 do artigo 77 do TRLRHL.

#### **Artigo 5.- Bonificacións:**

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó seu remate, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.



2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes o de concesión da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma.

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, e poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración de aquela e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do imposto a que se retire o artigo 153 desta Lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, bonificación que afectará a primeira residencia da familia ou vivenda habitual.

5.- Gozarán dunha bonificación da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, segundo o seguinte cadro:

Valoración Catastral Inmoble (solo + construción)	Bonificación
1 - 6.000,99	95 %
6.001,00 - 15.000,99	75 %
Máis de 15.001,00	50%

No suposto que nun mesmo inmoble existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmoble se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación os inmobles cuxa existencia motiva a súa solicitude, asa construcións agrarias deberán estar debidamente identificadas en Catastro.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar ca voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non ca suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual. Copia do número de explotación agraria (CEA).
- Declaración de que no inmoble para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmoble.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Copia do último recibo pagado do lixo da explotación agraria.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

Os abrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do abrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dita prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

6.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por

concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpran as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Palas de Rei de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

### **ORDENANZA FISCAL Nº. 3 REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) DO CONCELLO DE PALAS DE REI. ARTIGO 1. Fundamento Legal**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e dacordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 15.1 en concordancia co artigo 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se rexerá pala presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 100 a 103 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

#### **ARTIGO 2. Natureza Xurídica e Feito Impoñible.**

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pala realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

#### **ARTIGO 3. Construcións, Instalacións e Obras Suxeitas**

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao Imposto todas aquelas cuxa execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior, e en particular as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vados para a entrada e saída de vehículos das leiras na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo do que poida estragarse coas calas mencionadas.

- f) Os movementos de terra, talles como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valos, as estadas e os andamiaxes de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa o seu emprazamento.
- i) Os usos ou instalacións de carácter provisional.
- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valos que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas aos aparcadoiros, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- l) A realización de calquera outras actuacións establecidas polos Plans de ordenación ou palas Ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal ou comunicación previa, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

#### **ARTIGO 4. Exencións**

Estará exenta a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou a Entidade Local que, estando suxeita, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

#### **ARTIGO 5. Suxeitos Pasivos**

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

#### **ARTIGO 6. Base Impoñible**

A base imponible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela .

Quedan excluídos da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente o custo de execución material.

#### **ARTIGO 7. Cota Tributaria.**

A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame que se fixa no 2 %.

#### **ARTIGO 8. Bonificacións.**

1.- Establécese unha bonificación da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpran as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza, xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de seis meses.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Palas de Rei de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A petición das bonificacións contempladas nos diferentes apartados terá carácter rogado e deberá ser solicitada polo contribuínte con carácter previo á práctica da liquidación do imposto e comprenderá exclusivamente a parte da obra que teña por finalidade directa a adaptación do edificio á accesibilidade de discapacitados.

A acreditación destes requisitos efectuarase polo técnico director da obra.

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables

A aprobación das anteriores bonificacións será acordada polo Pleno da Corporación, logo da solicitude do suxeito pasivo e informe do Departamento de Urbanismo do Concello.

O pedimento das bonificacións deben facerse no momento de solicitar a oportuna licenza, isto é, coa iniciación do procedemento polo suxeito pasivo.

#### **ARTIGO 9. Deducións.**

Non se establecen deducións da cota líquida.

#### **ARTIGO 10. Devengo**

O Imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivo a correspondente licenza.

Aos efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, nos seguintes casos:

- a) No suposto de precisar licenza urbanística, cando esta fose concedida, no momento no que sexa notificado ao interesado o acorde de concesión da mesma polo órgano competente.
- b) No suposto de precisar a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, á data do seu rexistro de entrada.
- c) No suposto de se iniciar as construcións, instalacións ou obras sen solicitar ou obter a correspondente licenza urbanística, ou sen ter presentado declaración responsable ou comunicación previa nos casos nos que sexa procedente, entenderanse iniciadas na data na que se dite o acto administrativo polo que a Administración tome coñecemento, por calquera medio, da execución das amentadas construcións, instalacións ou obras.

#### **ARTIGO 11. Xestión**

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que se acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 12 da presente ordenanza fiscal.

2. Os suxeitos pasivos que m1c1en a construción, instalación ou obra e non tiveran presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tiveran solicitado ou concedida aínda a licenza preceptiva, teñen a obriga de presentar, no prazo máximo dun mes a contar dende o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar a esta Administración a correspondente liquidación provisional a canta.

Para a determinación da data de inicio da construción, instalación ou obra, atenderase ao disposto no artigo 10 da presente ordenanza fiscal.

O incumprimento desta obriga de presentar a declaración tributaria en prazo, constituirá unha infracción tributaria nos termos do artigo 13 da presente ordenanza fiscal.

3. Concedida a licenza ou presentada a declaración responsable ou comunicación previa, ou adoptado o acordo aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución material, ou cando sen ter solicitado, concedido ou denegado aínda a licenza preceptiva ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a canta, sen que o pagamento comporte ningún tipo de acto declarativo de dereito a favor daqueles.

A base impositiva para esta liquidación determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente, cando isto constitúa un requisito preceptivo. Noutro caso, a base impositiva será determinada pola oficina técnica municipal de acordo co custo estimado da actuación presentada polo interesado e atendendo, en caso de desproporción ou en ausencia de presentación dos custos estimados por parte do interesado, ao criterio técnico.

4. O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será a canta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras. No caso de que se modifique o proxecto e houbese incremento do orzamento, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse declaración complementaria pala diferenza entre o orzamento inicial e o modificado, con suxeición aos requisitos sinalados nos apartados anteriores.

5. Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modificar a base impositiva a que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte. Para a confección da liquidación definitiva, o abrigado tributario deberá aclarar, no prazo de dous meses dende a finalización da obra, o seu custo real e efectivo, mediante a presentación do certificado ou presuposto final da obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, ou de calquera outro documento que se considere oportuno.

6. No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule e se aprobe a renuncia expresa á licenza ou caducara esta, previo informe técnico municipal que acredite a non execución das construcións, instalacións ou obras.

7. Nos supostos de execución parcial das construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado na proporción que corresponda, previo informe técnico municipal que determine as unidades de obra efectivamente realizadas e o seu custo.

8. Nos supostos de licenzas concedidas en virtude de aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá realizarse antes de dar comezo ás obras.

#### **ARTIGO 12. Comprobación e Investigación**

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

#### **ARTIGO 13. Réxime de Infraccións e Sancións**

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do Imposto, potas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outras Leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

#### **ORDENANZA FISCAL N° 5 REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. Artigo 1. Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licencias de apertura de establecementos 11 , que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

#### **Artigo 2. Feito impositivo.**

1. Constitúe o feito impositivo da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como suposto previo e necesario para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo a súa nova verificación.
- d) Os trasposos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación social.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivencia, e que:

- a) Se dedique ó exercicio de algunha actividade empresarial, fabril artesá, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó imposto sobre actividades económicas, a excepción dos locais ocupados por profesionais
- b) Aínda sen levarse a cabo aquelas actividades que lles sirvan de auxilio ou complemento, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas ou estudos.

### Artigo 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos os contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refírese o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

### Artigo 4. Responsables.

Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refírense os artigos 38, 39 e 40 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 5. Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente que se vaia tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

### Artigo 6. Tarifa.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

Licencia de apertura de establecementos, polo actividade desenrolada neles, cota en euros:

GRUPO	Denominación	Cota en euros
I	BANCOS	1.058,64 €
II	FABRICAS QUE EMPREGUEN MAIS DE 10 OBREIROS	705,76 €
	ALMACENES, DEPÓSITOS INFLAMABLES ESTA. SERVIZO	705,76 €
	HOTEIS DE 3 E 4 ESTRELAS	705,76 €
III	OUTROS HOTEIS	352,88 €
	SALAS DE FESTAS E DISCOTECAS	352,88 €
	AXENCIAS DE NEGOCIOS	352,88 €
IV	CINES E TEATROS	247,02 €
	AUTOESCOLAS	247,02 €
V	XOIERIAS E PLATERIAS	176,44 €
	FABRICAS DE CERRAXERIAS, EMBUTIDOS, LIXIVIAS , GASOSAS, XABÓNS, TALLERES , TINTURERÍAS	176,44 €

	GARAXES	176,44 €
	AXENCIAS , SUCURSAIS, DELEGACIÓNS DE SEGUROS	176,44 €
	DELEGACIÓNS DE SOCIEDADES	176,44 €
	AXENCIAS DE TRANSPORTE	176,44 €
	CASAS DE COMIDAS	176,44 €
	SALÓNS DE BELEZA	176,44 €
	BARES, CAFETERÍAS, PUBS	176,44 €
	XESTORÍAS	176,44 €
	ALMACÉNS AO POR MAIOR DE CALQUERA MERCANCÍA	176,44 €
	FONDAS E HOSPEDAXES	176,44 €
	GRANXAS DE TENREIROS DE MAIS DE 10 CABEZAS	176,44 €
	GRANXAS DE VISÓNS	176,44 €
VI	PERRUQUERÍAS	141,16 €
	FABRICAS DE MENOR IMPORTANCIA	141,16 €
	TENDAS DE DETALLE	141,16 €
VII	TABERNAS E SIMILARES	105,86 €
VIII	ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS DE AUTOBUSES	70,57 €
	OUTRAS OFICINAS E DESPACHOS	70,57 €
	FORNOS PARA COCER PAN	70,57 €
	GRANXAS DE PORCOS E GALIÑAS	70,57 €
IX	CLÍNICAS	35,29 €
	GRANXAS DE TENREIROS DE MENOS DE 10 CABEZAS	35,29 €
X	ACTIVIDADES MOLESTAS	176,44 €
	ACTIVIDADES INSALUBRES	352,88 €
	ACTIVIDADES NOCIVAS	529,32 €
	ACTIVIDADES PERIGOSAS	705,76 €

O resto das actividades non clasificadas anteriormente tributarán por asimilación ós anteriores grupos tendo en conta criterios de capacidade económica.

2. Cando nun establecemento se exercen varias actividades a efectos de cómputo de tarifas desta ordenanza, terase en conta a cota por esta taxa máis alta das que correspondan.

3. En caso de desestimación formulada polo solicitante con anterioridade á concesión da licencia, as cotas a liquidar, sempre que a actividade municipal se tivera iniciado efectivamente, serán:

- Do 10% das establecidas se a desestimación se produce no prazo dun mes a partir da solicitude.
- Do 15% se a desestimación se produce posteriormente ó mencionado mes.

**Artigo 7. Exencións e bonificacións**

Concederase a exención aos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación “a posteriori” de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4 ou da Ris3.

**Artigo 8. Devengo.**

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a mencionada actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo a pedira expresamente.
2. Cando a apertura teña lugar sen obte-la oportuna licenza, a taxa devengarase no momento no que se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou para decretar que sexa cerrada, se non fora autorizable a apertura.
3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún modo, polo denegación da licenza solicitada ou polo concesión desta, condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin polo renuncia nin desestimación do solicitante unha vez concedida a licenza.

**Artigo 9. Declaración.**

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán, previamente, no rexistro xeral a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades que pretende levar a cabo no local, acompañando o proxecto ou documentos esixidos polas disposicións vixentes para cada clase de actividade.
2. Se despois de feita a solicitude de licenza de apertura se variara ou ampliara a actividade que se pretende levar a cabo no establecemento, ou se alteraran as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliara o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán poñerse en coñecemento da administración municipal co mesmo detalle ou alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

**Artigo 10. Ingreso.**

A Taxa esixirase unha vez que se solicite a licenza para apertura do establecemento correspondente.

**Artigo 11. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como nas sancións que lles corresponden en cada caso, atenderase ó que dispoñan os artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

**ORDENANZA FISCAL N° 6 REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS.****Artigo 1. Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7 /85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88 de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencias urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

**Artigo 2. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos da edificación e uso do solo a que se retiren a Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, a Lei 9/2002 do Solo de Galicia, Lei 6/98 de Réxime do Solo e outra lexislación concordante, que deban realizarse no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e no planeamento e normativa urbanística deste municipio

**Artigo 3. Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se retire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados polo realización da actividade de control consistente no outorgamento da licenza urbanística.
2. En todo caso terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

**Artigo 4. Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se retiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.



2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5. Base imponible.**

1.- Constitúe a base imponible da Taxa:

- O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- O custo real e efectivo da vivenda local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do seu uso.
- O valor que teñan sinalado os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, cando se trate de parcelamentos urbanos e de demolición de construcións.

2.- Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

#### **Artigo 6. Cota tributaria.**

O importe da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.

A primeira utilización e ocupación dos edificios e instalacións en xeral e o cambio de uso dos mesmos devengará o 5,28 % do que se liquide polo Imposto sobre Construcións e Obras, Nos edificios de propiedade horizontal deberá ser solicitada a licenza de 1ª utilización polo propietario ou promotor, na totalidade do edificio debendo presentar coa instancia impreso no modelo oficial da ficha fiscal da alta no IBI ou acreditación de ter presentado a Alta.

#### TARIFAS

As tarifas a aplicar por cada licenza que deba expedirse será a seguinte:

##### **EPÍGRAFE PRIMEIRO:**

1. OBRAS DE NOVA PLANTA: A tarifa a aplicar será do 0,31% do presuposto de execución material da obra.
2. ELEVACIÓN DE PISOS SOBRE CONSTRUCCIÓN EXISTENTES: Aplicarase a mesma tarifa que para as obras de nova planta.

##### **EPÍGRAFE SEGUNDO:**

Movemento de terras como consecuencia do baleirado ou recheo de solares, por cada metro cúbico de terra movida: 0,09 €/m<sup>3</sup>

##### **EPÍGRAFE TERCEIRO:**

As parcelacións, por cada metro cadrado obxecto de tales operacións:

- Parcelacións urbanísticas: 0,16 €/ m<sup>3</sup>
- Parcelacións rústicas: 0,03 €/ m<sup>3</sup>

##### **EPÍGRAFE CUARTO:**

Sinalamento de alineacións e rasantes:

- Ata 10 metros de fachada: 3,14 €
- por cada metro lineal máis: 0,63 €/m

##### **EPÍGRAFE QUINTO:**

1, OBRAS MENORES: A tarifa a aplicar será do 0,52% do presuposto da obra, con un mínimo de liquidación de 31,43 €.

##### **EPÍGRAFE SEXTO:**

A tarifa a aplicar por cada licenza de obra a que se refire o artigo 10 do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia e non engadida nos epígrafes anteriores será do 0,50% do presuposto, con un mínimo de 30 €.

#### **Artigo 7. Exencións e bonificacións.**

Concederase a exención aos autónomos e empresas que soliciten licenza de obra ou verificación " a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4 ou da Ris3.

**Artigo 8 . Devengo.**

1.- Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. A estes efectos entenderase iniciada a mencionada actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística que inicie o expediente, que non se tramitará sen que se efectuara o pago correspondente.

2.- Cando as obras se iniciaran ou executaran sen obter a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.

3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimación do solicitante unha vez concedida a licenza.

**Artigo 9. Declaración.**

1. - As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, acompañando un proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se fago constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio.

2.- Cando se trate de licenza para aqueles actos nos que non sexo esixible a formulación do proxecto subscrito por un técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras que se vaian realizar, coa descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais que se vaian empregar e, en xeral, das características da obra ou acto dos que os datos permitan comproba-lo seu custo.

3.- Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificara ou ampliara o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal acompañando o novo presuposto ou o reformado e, se é o caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

**Artigo 10. Liquidación e ingreso.**

1.- Liquidarase e esixirase o importe da taxa unha vez concedida a licenza urbanística. Non obstante, esixirase o importe da taxa no momento de presenta-la solicitude de licenza de obra, en calidade de depósito previo.

2. - A Administración municipal poderá comproba-lo custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, coa deducción, se é o caso, da liquidación inicial.

3. - No caso de parcelamentos urbanos e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza, sobre a base impositiva que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis non teña este carácter.

4.- As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo substituído do contribuínte para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

**Artigo 11. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

**PRIMEIRA-** As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses se non se inician as obras e se antes de que transcorran dous anos desde a súa concesión estas non se rematan.

**SEGUNDA-** A exacción desta taxa será compatible co imposto municipal sobre construcións.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

**ORDENANZA FISCAL Nº 34, REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. Artigo 1. Fundamento e natureza**

O imposto sobre actividades económicas ao que se refire o artigo 60.1.b) da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, esixirase segundo o previsto nesta e nas demais normas legais ou regulamentarias que a complementen ou desenvolvan; e, no referente ás habilitacións contidas na referida Lei, de acordo co disposto na presente ordenanza.

**Artigo 2. Exencións**

1.- Están exentos do imposto os suxeitos pasivos previstos no artigo 83.1 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

2.- As exencións especificadas nas letras b), e) e f) do devandito artigo 83.1, terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

### Artigo 3. Bonificacións

Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no artigo 88.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En particular, establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpran as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Palas de Rei de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.

### Artigo 4. Coeficiente de ponderación

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarse, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

O dito coeficiente determinarse de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros) Coeficiente

Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00 1,29

Desde 5.000.000,00 ata 10.000.000,00 1,30

Desde 10.000.000,00 ata 50.000.000,00 1,32

Desde 50.000.000,00 ata 100.000.000,00 1,33

Máis de 100.000.000,00 1,35

Sen cifra neta de negocio 1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e se determinará de acordo co previsto no parágrafo c), do apartado 1, do artigo 83 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

### Artigo 5. Infraccións e sancións

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

### Disposicións adicionais

1.-No non previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto na Lei 230/63, xeral tributaria; Lei 39/88, reguladora das facendas locais e demais disposicións complementarias e de desenvolvemento.

2.-As modificacións producidas polas Leis de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento do presente imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

Palas de Rei, 29 de marzo de 2021. O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

R. 0868

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 30 de marzo de 2021 aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 4º trimestre do exercicio 2020.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 03/05/2021 e o 03/07/2021 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 03/05/2021. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 30 de marzo de 2021.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0891

## PORTOMARÍN

### *Anuncio*

PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS - CONCELLO DE PORTOMARIN

O Pleno deste Concello na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de marzo do 2021, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais no concello de Portomarin, confeccionado pola empresa SEAGA ao abeiro do convenio ao que este Concello está adherido, subscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Este plan exponse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, que empezará a contar a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados.

O plan estará exposto físicamente durante o mencionado prazo nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas, así como tamén no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello:

<https://portomarin.sedelectronica.gal>

Portomarín, 31 de marzo de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 0892

## O VICEDO

### Anuncio

Tendo sido aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o orzamento municipal para o exercicio económico de 2021, segundo o acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 4 de marzo de 2021, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o citado orzamento ascende tanto en gastos coma en ingresos, á contía de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA MIL EUROS (2.890.000,00 euros) correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

Capítulo 1.- Gastos de persoal.....	1.207.222,99
Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos.....	538.906,66
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	7.000,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	107.120,00
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	---
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	1.029.750,35
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	---
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	---
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	---
TOTAL GASTOS.....	2.890.000,00

#### ESTADO DE INGRESOS

Capítulo 1.- Impostos directos.....	831.362,18
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	21.815,78
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	209.799,05
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.082.322,14
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2.783,80
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	----
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	741.917,05
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	---
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	---
TOTAL INGRESOS.....	2.890.000,00

Na citada sesión, tamén se aprobou o cadro de persoal da Corporación que, consonte ó preceptuado no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, reproducécese de seguido:

#### CADRO DE PERSOAL:-

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	EFFECTIVOS	GRUPO	CD
1.- <u>Escala de Habilitación Estatal</u>			
Subescala: Secretaría-Intervención. Secretario-Interventor.	1	A1	28
2.- <u>Escala de Administración Xeral.</u>			

Subescala: Auxiliar Administrativo Auxiliares Administrativos.	2	C2	18	
Subescala: Subalterno Alguacil de Servicios Múltiples (Vacante)	1	E	14	
<b>3.- <u>Escala de Administración Especial</u></b>				
Subescala: Técnica. Arquitecto técnico municipal (3/4) (Vacante)	1	A2	24	
Subescala Servizos Especiais Operario de Servizos Múltiples	1	E	14	
<b>B) FUNCIONARIOS INTERINOS</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>GRUPO</b>	<b>CD</b>	
<b>2.- <u>Escala de Administración Xeral.</u></b>				
Subescala: Administrativo Administrativo (art. 10.1 c) TREBEP)	1	C1	14	
Subescala: Auxiliar Administrativo Aux. Administrativos (art. 10.1 c) TREBEP)	1	C2	18	
<b>C) PERSOAL LABORAL FIXO</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>GRUPO</b>	<b>CD</b>	
Encargado Centro Socio-Cultural	1	A2	24	
Padexeiro/Operario Servizos Múltiples	1	E	14	
<b>D) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO</b>		<b>EFFECTIVOS</b>	<b>GRUPO</b>	<b>CD</b>
Asistente social / auxiliar administrativo		1	A2	24
Axente de emprego e desenvolvemento local (sentenza xudicial/Xulgado do Social nº 2 de Lugo 20/2019)		1	A2	21
Aux. administrativo Servizos Sociais 3/4 (Sentenza xudicial/Xulgado do Social nº2 de Lugo/315/2013)		1	C2	18
Peón - condutor (Sentenza xudicial/Xulgado do Social nº 3 de Lugo 25/2015)		1	E	14
<b>E) PERSOAL LABORAL TEMPORAL</b>		<b>EFFECTIVOS</b>	<b>GRUPO</b>	<b>CD</b>
Arquitecto		1	A1	24
Técnico de educación infantil		2	B	16
Axente TIC (xornada parcial)		1	B	16
Auxiliar de turismo		1	C2	14
Animador socio cultural		1	C2	14
Auxiliares de axuda a domicilio		10	E	14
Peón recollida lixo		1	E	14
Limpadora casa cultura e outros (96,66% xornada)		1	E	14
Limpadora casa consistorial		2	E	14
Peóns de protección de medio ambiente		8	E	14
Operario servizos múltiples adscrito a oficinas administrativas		1	E	14
Peón de servizos múltiples Plan Único/20				
Peón de mantemento de zonas naturais. Plan Único/20		1	E	14

Xefe brigada campaña incendios/21	2	E	14
Peón condutor campaña incendios /21			
Peóns incendios campaña /21	1	C1	14
Condutor motobomba campaña incendios /21	1	E	14
Auxiliar administrativo servizos sociais	3	E	14
Peón de servizos múltiples. Plan Único/21	3	E	14
Peón de mantemento de z. naturais. Plan Único/21	1	C2	18
Administrativo. Plan Único/21	1	E	14
Auxiliar de información turística. Plan Único/21	2	E	14
Vigilantes/controladores Fuciño do Porco. Plan Único/21	1	C1	14
	1	C2	14
	3	E	14

#### F) PERSOAL EVENTUAL: NINGÚN.-

O cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións e axudas que este Concello poida recibir para financiar a contratación de persoal para obras e servizos determinados, tales como as que poidan proceder da Comunidade Autónoma ou outros organismos públicos, ou ben, por necesidades urxentes ou inaprazables.

Consonte ó preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderase interpor directamente recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso - administrativa.

O Vicedo, 5 de abril de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0910

## VIVEIRO

### Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 06 de abril de 2021, o Orzamento Xeral do Concello de Viveiro para o ano 2021, así como a plantilla de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 7 de abril de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0929

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

#### Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES N.º 44/2021** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DON HÉCTOR ENRÍQUEZ ALONSO** contra la **EMP. "VERTICO MIL, S.L.U."**, sobre **RECLAMACIÓN DE CANTIDAD**, se ha dictado AUTO Y DECRETO de fecha 25-03-2021 cuyas partes dispositivas son, respectivamente, del tenor literal siguiente:

**"Dispongo:** Despachar orden general de ejecución de la sentencia firme dictada en los autos nº 3/2018 de este Juzgado, a favor de la parte ejecutante, DON HÉCTOR ENRÍQUEZ ALONSO, frente a la EMP. "VERTICO MIL, S.L.U.", parte ejecutada, por importe de **3.363,04 EUROS más el interés del 10%, en concepto de principal, así como 672,61 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución**, sin perjuicio de su posterior liquidación.

El presente auto, junto con el decreto que dictará el/la Secretario/a judicial, y copia de la demanda ejecutiva, serán notificados simultáneamente a la parte ejecutada, tal y como dispone el artículo 553 de la LEC, quedando la ejecutada apercibida a los efectos mencionados en los razonamientos jurídicos tercero y cuarto de esta resolución, y conforme disponen los artículos 251.2 y 239.3 de la LJS.

Contra este auto **podrá interponerse recurso de reposición**, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación, en el que **además** de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, **podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada**, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impeditivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación de deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.

Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Consignaciones de este JDO. DE LO SOCIAL N. 3 abierta en BANCO SANTANDER, cuenta nº 2324/0000/30/0044/21 debiendo indicar en el campo concepto, "Recurso" seguida del código "30 Social-Reposición". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio, el "código 30 Social- Reposición". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos."

"En orden a dar efectividad a las medidas concretas solicitadas, **ACUERDO:**

-Requerir de pago a la EMP. "VERTICO MIL, S.L.U.", parte ejecutada, por importe de **3.363,04 EUROS más el interés del 10%, en concepto de principal, así como 672,61 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución**, sin perjuicio de su posterior liquidación, y, si no pagase en el acto, procedase al embargo de sus bienes en la medida suficiente para responder por las cantidades por las que se ha despachado ejecución, librándose al efecto los despachos oportunos.

-Consultar las aplicaciones informáticas del Órgano judicial para la averiguación de bienes del ejecutado.

-Requerir a la ejecutada EMP. "VERTICO MIL, S.L.U." a fin de que manifieste relación de bienes y derechos suficientes para cubrir la cuantía de la ejecución, con expresión, en su caso, de las cargas y gravámenes, así como, en el caso de inmuebles, si están ocupados, por qué personas y con qué título, bajo apercibimiento de que, en caso de no verificarlo, podrá ser sancionado, cuando menos, por desobediencia grave, en caso de que no presente la relación de sus bienes, incluya en ella bienes que no sean suyos, excluya bienes propios susceptibles de embargo o no desvele las cargas y gravámenes que sobre ellos pesaren, y podrán imponérsele también multas coercitivas periódicas.

-Proceder al embargo de bienes y a las medidas de localización y averiguación de los bienes del ejecutado que procedan, conforme a lo previsto en los arts. 589 y 590 LEC.

**Notifíquese a las partes esta resolución**, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

**MODO DE IMPUGNACIÓN:** Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante el presente órgano judicial en el plazo de **TRES DÍAS HÁBILES** siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324/0000/30/0044/21 abierta en BANESTO, debiendo indicar en el campo concepto, la indicación recurso seguida del código "31 Social- Revisión". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "código 31 Social- Revisión". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la EMPRESA "VERTICO MIL, S.L.U."**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.



LUGO, veinticinco de marzo de dos mil veintiuno.- LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 0869

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

#### *Anuncio*

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DO VII CONCURSO DE LEMAS "21 DE MARZO:DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL"

BDNS (Identif.): 555171

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/555171>)

Primeiro. Beneficiarios:

Calquera persoa que así o decida, existindo unha soa categoría. Os menores de idade terán que estar autorizados polo pai/nai ou titor/a.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das bases é a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de Lemas "21 de marzo: Día Internacional para a eliminación da discriminación racial", organizado polo Concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

O premio para o/a gañador/a será:

1º premio: lote valorado en 60 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

BURELA, 26 de marzo de 2021.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 0870

#### *Anuncio*

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DAS BASES REGULADORAS DO VII CONCURSO DE DEBUXO-PINTURA "21 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL"

BDNS (Identif.): 555162

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/555162>)

Primeiro. Beneficiarios:

Calquera persoa que así o decida, sempre e cando teña cumpridos 6 anos o derradeiro día de presentación de traballos.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das bases é a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso de Debuxo - Pintura "21 de marzo: Día Internacional para a eliminación da discriminación racial", organizado polo Concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

Haberá tres categorías (de 6 a 12 anos; de 13 a 17 anos; de 18 anos en diante) e en cada unha delas haberá dous premios co mesmo importe para todas as categorías).

- 1º premio: lote valorado en 50 €.

- 2º premio: lote valorado en 30 €.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

BURELA, 26 de marzo de 2021.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 0871